



## RESUMO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2010

Ás 13.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión extraordinaria do Consello de Goberno que preside o Sr. Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

### **1. Punto único: convocatoria e calendario de eleccións ao Claustro Universitario, Xuntas de Centro e Consellos de Departamento**

Tras a comprobación do quórum legal para a realización da sesión, o Sr. Reitor expón que a sesión extraordinaria ten lugar para cumprir os trámites previstos no Regulamento electoral xeral. En particular, a necesidade de acordo do Consello de Goberno sobre o calendario electoral proposto pola Comisión Electoral Central, reunida o día 13 de outubro.

O Sr. Secretario Xeral toma a palabra para expor os principais aspectos da proposta de calendario.

Na quenda de intervencións, o Sr. Felipe Fernández considera que, na proposta de calendario presentada, o prazo entre a finalización da campaña electoral e a realización das eleccións é demasiado amplo, e pode ser contraproducente. Tras un debate entre os membros do Consello de Goberno, acórdase modificar a proposta para ampliar a campaña electoral ao máximo período que permite o Regulamento electoral xeral (sete días hábiles), polo que o día de peche da campaña queda fixado para o día 29 de novembro, luns. Con esta modificación o Calendario electoral queda aprobado segundo figura no [anexo II](#).

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.45 horas.